

I.E.S. NÚMERO 1 (A ESTRADA)

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

DEPARTAMENTO: TECNOLOXÍA

CURSO: 4º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

CURSO ACADÉMICO: 2022/23

PROGRAMACIÓN REALIZADA NO MARCO DA LOMCE: TIC 4º DE ESO

1. [Glosario](#)
2. [Contexto do noso centro](#)
 - 2.1. [Centro](#)
 - 2.2. [Alumnado](#)
3. [Introdución](#)
4. [Obxectivos](#)
5. [Programación de tecnoloxías da información e a comunicación \(TIC\)](#)
 - 5.1. [Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave](#)
 - 5.2. [Estandares de aprendizaxe: temporización, grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación](#)
6. [Metodoloxía](#)
7. [Posibles escenarios en función da situación sanitaria](#)
8. [Materiais e recursos didácticos](#)
9. [Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado](#)
10. [Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente](#)
11. [Seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes](#)
12. [Avaliación inicial e medidas de atención á diversidade](#)
13. [Elementos transversais](#)
14. [Actividades complementarias e extraescolares](#)
15. [Revisión, avaliación e modificación da programación](#)
16. [Datos do Departamento de Tecnoloxía](#)
17. [Referencias Normativas](#)

1. GLOSARIO

Desenvolvemento curricular	2ª nivel de planificación curricular. Inclúese no PE.
Programacións didácticas	3º nivel de planificación. Realizada polos departamentos didácticos.
Programación de aula	4º nivel de planificación. Realizada polo profesorado.
Programación didáctica	Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino - aprendizaxe do alumnado. Debe responder a estas cuestións: 1. Que, cando e como ensinar / 2. Que, cando e como avaliar / 3. Como atender á diversidade.
Criterios de avaliación	Referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias. Responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina (art. 2.3. do Decreto 86/2015).
Estándares de aprendizaxe	Especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliábeis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado.
Criterios de cualificación	
Indicadores de logro	Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación de dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa graduación sería a rúbrica (art. 7.4 da Orde ECD 65/2015, BOE 29/1/2015). O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica.
Grao de consecución dun estándar	Serve para sinalar o grao mínimo de consecución esixible dun estándar para superar a materia (art. 13.3d da Resolución 27/7/2015). Canto maior sexa o grao esixido de consecución, máis importante se considera o estándar.
Criterios de cualificación e instrumentos	Serven para ponderar “o valor” que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avaliálo achega a ese valor.
Procedementos e instrumentos	Os procedementos de avaliación utilizábeis, como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente (art. 7.6, terceiro parágrafo, da Orde ECD 65/2015).
Rúbrica	Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxe ou dunha competencia.
Portfolio	Achega de producións dun alumno/a.

OUTROS ASPECTOS	
Graduación dos estándares	Para identificar o progreso dos estándares ao longo dunha etapa.
Perfil de área	Conxunto de estándares de aprendizaxe avaliábeis que ten unha área ou materia. Dado que os estándares de aprendizaxe avaliábeis pónense en relación coas competencias, este perfil permitirá identificar aquelas competencias que se desenvolven a través desa área ou materia (art. 5.6 Orde ECD 65/2015). Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzo.
Perfil competencial	Conxunto de estándares de diferentes áreas relacionados coa mesma competencia clave (art. 5.7 Orde ECD 65/2015).
Avaliación das competencias	A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos , na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores (art. 7.3 da Orde ECD 65/2015).
Nivel de desempeño das competencias	Poderanse medir a través dos indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación [...] que teñan en conta á atención á diversidade (art. 7.4 da Orde ECD/65/2015).
Tarefa	É a acción ou conxunto de accións orientadas á resolución dunha situación ou problema, nun contexto definido, combinando todos os saberes dispoñibles para elaborar un produto relevante. As tarefas integran actividades e exercicios.
Identificación de contidos e criterios	Exemplo: B1.1: B1: Bloque de contido / 1: Número de contido dun bloque.
Identificación de estándares	Exemplo: PROB1.1.2 PRO: Abreviatura da área: Programación. B1. Bloque de contidos do que xorde o estándar. 1. Número do criterio de avaliación que orixina o estándar. 2. Número de estándar dun determinado criterio de avaliación.

No portal de Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (<http://www.edu.xunta.es/portal/guiadalomce>) están dispoñibles, en formato doc e desagregados por áreas:

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.

2. CONTEXTO DO NOSO CENTRO

2.1 CENTRO

O I.E.S Número 1 está situado na rúa da Piscina s/n, concello de A Estrada (Pontevedra). Aínda que está situado no núcleo do concello, o seu alumnado provén principalmente das aldeas máis alonxadas do Concello, e tamén algúns alumnos (os menos) do núcleo urbano

Centros adscritos:

CEIP Manuel Villar Paramá (Vea)

CEIP do Foxo (OFoxo)

CEIP Cabada Vázquez (Codeseda)

CEIP plurilingue de OCA (Oca)

Ensinanzas que oferta o centro: No Centro só se imparte ESO (Educación Secundaria Obrigatoria)

2.2 ALUMNADO

Os/as alumn@s son predominante do rural, a maioría galego falantes e pertencen principalmente a clases medias e baixas, e os seus proxenitores soen ser polo xeral traballadores por conta allea

Alumnado con NEAE no curso actual:

Non hai alumnado desas características que elixira a materia

3. INTRODUCCIÓN

As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) desenvolven un papel fundamental na sociedade actual, porque proporcionan un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, as TIC achéganlle ao currículo a capacidade de analizar e re-deseñar a relación entre dispositivos tecnolóxicos e necesidades sociais, ámbito no que a innovación e a condición de inmediatea que lle son propias dotan esta materia dunha grande relevancia educativa. Na resolución de problemas coas TIC conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento das novas tecnoloxías proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.

A materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación trata de achegarlle ao alumnado as habilidades necesarias para adaptarse aos cambios propios deste ámbito tecnolóxico. Deste xeito, na parte da materia correspondente a cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, os bloques de "Ética e estética da interacción en rede", de "Seguridade informática" e de "Internet, redes sociais e hiperconexión" tratan aspectos das redes moi relacionados entre si, que é necesario que o alumnado domine para que poida desenvolverse con soltura e seguridade nos ámbitos profesional e persoal. O bloque de "Computadores, sistemas operativos e redes" abonda en aspectos de configuración dos computadores e de instalación de aplicación cos que as persoas usuarias deben familiarizarse para utilizar computadores e aplicacións xunto con outros dispositivos hoxe imprescindibles, como teléfonos intelixentes e táboas, ou para utilizar as posibilidades de conectividade das TIC. O bloque de "Organización,

deseño e produción de información dixital" e o de "Publicación e difusión de contidos" tratan os aspectos que poden necesitarse para producir documentos e difundilos, ademais dalgúns temas relacionados co soporte das publicacións, como son o tratamento de datos, a xeración de informes e a incorporación de elementos gráficos e audiovisuais nos documentos.

Como noutras materias que tratan aspectos tecnolóxicos, nesta intégranse coñecementos de carácter matemático e científico, ademais de que é frecuente que as TIC se utilicen para resolver problemas específicos doutras disciplinas. Un enfoque interdisciplinar, xa que logo, favorecerá a conexión con outras materias e mesmo con diversos temas de actualidade.

Desde o punto de vista metodolóxico, as TIC admiten tratamentos moi diversos, porque serven tanto para integrar as restantes materias do currículo como para afondar en aspectos moi específicos, como a programación ou as comunicacións, sen esquecer que son especialmente indicadas para reflexionar sobre os temas tecnolóxicos e de actualidade.

Esta materia caracterízase pola realización de actividades nas que se desenvolven destrezas técnicas para acceder ás redes de información, que tamén se comparte, e se utilizan aplicacións informáticas de propósito xeral. Neste contexto, a iniciativa, a colaboración e o respecto polas normas de seguridade e polos dereitos dos colectivos relacionados coa cultura ou coa produción de programas informáticos son tan importantes como o dominio dos recursos informáticos e das redes de comunicacións.

A participación pode potenciarse nesta materia mediante a exposición de traballos, a resolución colaborativa de problemas mediante a realización de proxectos informáticos, a utilización colectiva de recursos virtuais ou a procura e a análise de información en internet, aspectos que tamén favorecen a propia aprendizaxe.

Na ensinanza das TIC resulta, daquela, adecuado reflexionar e traballar en grupo procurando solucións a problemas concretos onde se poidan aplicar os coñecementos adquiridos, e buscar información adicional, se se require, para fomentar o espírito emprendedor.

A contribución da materia de TIC ao desenvolvemento das competencias clave dependerá en grande medida do tipo de actividades; é dicir, da metodoloxía empregada. Neste sentido, a comunicación lingüística desenvolverase na medida en que o alumnado adquiera e utilice un vocabulario técnico preciso, elabore programas e documentos, explique conceptos ou elabore e expoña información. A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden alcanzarse configurando e administrando máquinas e sistemas operativos, aplicando técnicas de tratamento e almacenamento de datos ou asumindo hábitos seguros no contexto das redes de comunicación, competencias que tamén se favorecen analizando o funcionamento de programas, aplicacións e sistemas operativos, ou mediante a análise e a valoración das repercusións dos hábitos sociais en Internet. A competencia dixital, que é a específica desta materia, desenvolverase co emprego constante das TIC para procurar e almacenar información, para obter e presentar datos e para simular sistemas, ou para elaborar programas ou utilidades informáticas que sirvan para resolver problemas.

Para que o alumnado poida aprender a aprender, as actividades deben permitir que tome decisións cun certo grao de autonomía, que organice o proceso da propia aprendizaxe e que aplique o aprendido a situacións cotiás das que poida avaliar os resultados. Do mesmo xeito, as competencias sociais e cívicas alcanzaranse procurando que o alumnado traballe en equipo, interactúe con outras persoas e con grupos de forma democrática, e respecte a diversidade e as normas, e tamén mediante a análise da interacción entre o desenvolvemento das TIC e os cambios socioeconómicos e culturais que produce.

O sentido de iniciativa e espírito emprendedor conséguese nesta materia a través do deseño, da planificación e da xestión de proxectos informáticos sinxelos, ao transformar as ideas propias en programas ou en documentos. E a conciencia e as expresións culturais reflíctense na análise da influencia dos fitos técnicos das TIC en distintas culturas e no seu desenvolvemento e progreso.

En resumo, a materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación ofrece un inmenso potencial para axudar a comprender o contorno social e para desenvolver un conxunto de competencias relacionadas tanto co contexto profesional como coas formas que a participación cidadá está a adoptar no contexto das TIC que afectan por igual os ámbitos social e do desenvolvemento persoal.

4. OBXECTIVOS

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e

cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

5. PROGRAMACIÓN DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC)

Nota: Este curso continuamos impartindo unha Sección bilingüe. O curso 2020/21 foi a primeiro ano que se impartiu a materia en bilingüe (galego e inglés). O grupo TICs bilingüe estará formado por alumnado de 4º. A intención é comezar a introducir o inglés poñendo os programas informáticos en inglés e pouco a pouco ir aumentando o seu uso, tanto nos traballos que ten que entregar o alumnado, así como no día a día na aula.

5.1 CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

O Decreto 86/2015 establece as seguintes competencias clave do currículo:

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- Competencia dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A contribución da materia ao desenvolvemento de cada unha das competencias clave pode entenderse a través da relación entre estas e os estándares de aprendizaxe avaliados, tal e como se recolle na seguinte táboa:

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Ética e estética na interacción en rede				
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ b ■ f ■ g ■ h ■ i ■ o 	<p>B1.1. Políticas de seguridade para a protección do individuo na interacción coa rede. Contrasinais. Condutas e hábitos seguros.</p> <p>B1.2. Intercambio e publicación de información dixital na rede. Seguridade e responsabilidade no uso dos servizos de publicación.</p>	<p>B1.1. Adoptar condutas e hábitos que permitan a protección do individuo na súa interacción na rede.</p>	<p>TICB1.1.1. Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.</p> <p>TICB1.1.2. Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ■ CD ■ CSC ■ CD ■ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ b ■ f ■ g ■ h ■ i ■ m ■ ñ ■ o 	<p>B1.3. Dereitos de propiedade intelectual e de explotación dos materiais aloxados na web. Tipos de licenzas de distribución.</p>	<p>B1.2. Acceder a servizos de intercambio e publicación de información dixital con criterios de seguridade e uso responsable.</p>	<p>TICB1.2.1. Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ■ CD ■ CAA ■ CSC ■ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ g ■ h ■ i ■ m ■ ñ 	<p>B1.4. Propiedade e distribución do software e da información. Tipos de licenzas de uso e distribución.</p> <p>B1.5. Identidade dixital, privacidade e seguridade. Desenvolvemento de actitudes de</p>	<p>B1.3. Recoñecer e comprender os dereitos dos materiais aloxados na web.</p>	<p>TICB1.3.1. Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.</p> <p>TICB1.3.2. Diferencia o concepto</p>	<ul style="list-style-type: none"> ■ CD ■ CAA ■ CSC ■ CD

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	protección activa ante dos intentos de fraude.		de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.	<ul style="list-style-type: none"> ■ CSC ■ CCEC
Bloque 2. Computadores, sistemas operativos e redes				
■ f	B2.1. Funcións de configuración dos equipamentos informáticos.	B2.1. Utilizar e configurar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.	TICB2.1.1. Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.	<ul style="list-style-type: none"> ■ CD ■ CMCCT ■ CAA
			TICB2.1.2. Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.	<ul style="list-style-type: none"> ■ CD ■ CMCCT
■ f	B2.2. Instalación e eliminación de software de propósito xeral.	B2.2. Xestionar a instalación e eliminación de software de propósito xeral.	TICB2.2.1. Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.	<ul style="list-style-type: none"> ■ CD ■ CMCCT ■ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ f 	B2.3. Utilización de software de comunicación entre equipamentos e sistemas.	B2.3. Utilizar software de comunicación entre equipamentos e sistemas.	TICB2.3.1. Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.	<ul style="list-style-type: none"> ■ CD ■ CMCCT
■ f	B2.4. Arquitectura dun computador: compoñentes básicos e características.	B2.4. Coñecer a arquitectura dun computador, identificando os seus compoñentes básicos, e describir as súas características.	TICB2.4.1. Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.	<ul style="list-style-type: none"> ■ CD ■ CMCCT

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
■ f	B2.5. Elementos e sistemas para a comunicación con fíos e sen eles.	B2.5. Analizar os elementos e os sistemas que configuran a comunicación con fíos e sen eles.	TICB2.5.1. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	<ul style="list-style-type: none"> ■ CD ■ CMCCT ■ CCL
Bloque 3. Organización, deseño e produción de información dixital				
<ul style="list-style-type: none"> ■ f ■ g ■ h ■ i ■ m ■ ñ ■ a ■ o 	B3.1. Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetaxe. Importación de imaxes e gráficos.	B3.1. Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos.	TICB3.1.1. Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.	<ul style="list-style-type: none"> ■ CD ■ CMCCT ■ CCL ■ CAA ■ CSIEE ■ CCEC
	B3.2. Formatos abertos e estándares de formato na produción de documentación.		TICB3.1.2. Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.	<ul style="list-style-type: none"> ■ CD ■ CMCCT ■ CCL ■ CSIEE
	B3.3. Operacións básicas en follas de cálculo. Creación de gráficos. Elaboración de informes sinxelos.		TICB3.1.3. Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos.	<ul style="list-style-type: none"> ■ CD ■ CMCCT ■ CAA ■ CSIEE
	B3.4. Organización da información en bases de datos. Realización de consultas básicas e xeración de documentos.			
■ c	B3.5. Tipos de presentacións e	B3.2. Elaborar contidos de	TICB3.2.1. Integra elementos	<ul style="list-style-type: none"> ■ CD

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ■ f ■ g ■ h ■ i ■ m ■ ñ ■ o 	<p>estrutura do contido. Deseño da estrutura e de elementos gráficos adecuados para o público obxectivo.</p> <p>Importación de elementos multimedia, de imaxes e de gráficos.</p> <p>B3.6. Edición e montaxe de materiais audiovisuais a partir de fontes diversas. Captura de imaxe, de audio e de vídeo, e conversión a outros formatos.</p> <p>B3.7. Tratamento básico da imaxe dixital. Exposición, saturación, luminosidade e contraste. Resolución e formatos.</p>	<p>imaxe, audio e vídeo, e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións.</p>	<p>multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.</p> <p>TICB3.2.2. Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ■ CMCCT ■ CCL ■ CAA ■ CSIEE ■ CCEC ■ CSC ■ CD ■ CMCCT ■ CCL ■ CAA ■ CSIEE
Bloque 4. Seguridade informática				
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ f 	<p>B4.1. Procedementos de intercambio de información entre dispositivos físicos de características técnicas diversas.</p> <p>B4.2. Riscos de seguridade para sistemas, aplicacións e datos. Hábitos de protección.</p> <p>B4.3. Medidas de seguridade activa e pasiva. Actualización do</p>	<p>B4.1. Adopta condutas de seguridade activa e pasiva na protección de datos e no intercambio de información.</p>	<p>TICB4.1.1. Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.</p> <p>TICB4.1.2. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.</p> <p>TICB4.1.3. Describe a importancia da actualización do</p>	<ul style="list-style-type: none"> ■ CD ■ CMCCT ■ CD ■ CMCCT ■ CD ■ CMCCT

Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	software. Antivirus e devasas.		software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.	<ul style="list-style-type: none"> ■ CCL
Bloque 5. Publicación e difusión de contidos				
<ul style="list-style-type: none"> ■ b ■ f 	B5.1. Compartición de recursos en redes locais e en internet.	B5.1. Utilizar dispositivos de intercambio de información coñecendo as características da comunicación ou da conexión entre eles.	TICB5.1.1. Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.	<ul style="list-style-type: none"> ■ CD ■ CMCCT ■ CAA ■ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ f ■ g ■ h ■ i ■ m ■ ñ ■ o 	B5.3. Deseño de páxinas web sinxelas.	B5.2. Elaborar e publicar contidos na web que integren información textual, numérica, sonora e gráfica.	TICB5.2.1. Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.	<ul style="list-style-type: none"> ■ CD ■ CMCCT ■ CCL ■ CAA
			TICB5.2.2. Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.	<ul style="list-style-type: none"> ■ CD ■ CMCCT ■ CCL ■ CSC ■ CSIEE ■ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ b ■ c ■ g ■ h ■ i ■ m 	<p>B5.4. Creación e publicación na web. Estándares de publicación.</p> <p>B5.5. Traballo colaborativo con servizos na nube e coas ferramentas das TIC de carácter social.</p>	B5.3. Coñecer os estándares de publicación e empregalos na produción de páxinas web e coas ferramentas das TIC de carácter social.	TICB5.3.1. Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.	<ul style="list-style-type: none"> ■ CD ■ CMCCT ■ CCL ■ CAA ■ CSIEE ■ CSC

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ■ ñ ■ o 				
Bloque 6. Internet, redes sociais e hiperconexión				
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ b ■ f ■ g ■ h ■ i ■ m ■ ñ ■ o 	<p>B6.1. Creación e publicación na web de materiais multiplataforma accesibles.</p> <p>B6.2. Recursos e plataformas de formación a distancia, emprego e saúde.</p> <p>B6.3. Administración electrónica e comercio electrónico: intercambios económicos e seguridade.</p> <p>B6.4. Sincronización entre dispositivos móbiles e computadores.</p>	<p>B6.1. Desenvolver hábitos no uso de ferramentas que permitan a accesibilidade ás producións desde diversos dispositivos móbiles.</p>	<p>TICB6.1.1. Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ■ CD ■ CMCCT ■ CSIEE
			<p>TICB6.1.2. Realiza intercambio de información en distintas plataformas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ■ CD ■ CMCCT ■ CCL ■ CAA ■ CSC
			<p>TICB6.1.3. Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ■ CD ■ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ■ a ■ b ■ f ■ g ■ h ■ i ■ m 	<p>B6.5. Redes sociais. Privacidade e seguridade persoal na interacción en redes sociais.</p>	<p>B6.2. Empregar o sentido crítico e desenvolver hábitos adecuados no uso e no intercambio da información a través de redes sociais e plataformas.</p>	<p>TICB6.2.1. Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ■ CD ■ CMCCT ■ CCL ■ CAA ■ CSC ■ CSIEE

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ■ ñ ■ o 				
<ul style="list-style-type: none"> ■ f ■ m ■ ñ 	B6.6. Utilización de canles de distribución de contidos multimedia para distribución de materiais propios.	B6.3. Publicar e relacionar mediante hiperligazóns información en canles de contidos multimedia, presentacións, imaxe, audio e vídeo.	TICB6.3.1. Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.	<ul style="list-style-type: none"> ■ CD ■ CMCCT ■ CCL ■ CSC

5.2 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: TEMPORIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Relacionar aspectos curriculares para cada unidade																					
Temporalización: 1ª avaliación				Estándares de aprendizaxe avaliados				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Elementos transversais						
Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe (1)	Grao mínimo consec.	Peso cualific.	Instrumentos							Elementos transversais						
								Proba escrita	Preg. Orais	Trab. Indiv.	Cuest. exerc.	Trab. grupo	Rúb. (2)	Obs. aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV
1	B1.1	B1.1	TICB1.1.1	CD/CSC	Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.	40%	5%			80%				20%				X		X	
	B1.2		TICB1.1.2	CMCCT/CD	Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.	40%	5%	20%	20%	30%				30%		X		X			
	B1.3	B1.2	TICB1.2.1	CD/CAA/CSC/CCEC	Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.	40%	5%	20%	20%	30%				30%		X	X	X			
	B1.4	B1.3	TICB1.3.1	CD/CAA/CSC	Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.	40%	5%	20%	20%	30%				30%	X	X	X	X		X	
			TICB1.3.2	CD/CMCCT/CAA	Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.	40%	5%	40%	20%	20%				20%	X	X		X		X	
2	B2.1	B2.1	TICB2.1.1	CD/CMCCT/CAA	Realiza operacións (básicas) de organización e almacenamento da información.	50%	5%			70%				30%	X		X	X			
			TICB2.1.2	CD/CMCCT	Configura elementos (básicos) do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.	50%	10%			70%				30%				X			
	B2.2	B2.2	TICB2.2.1	CD/CMCCT/CAA	Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.	50%	10%			70%				30%	X		X	X			
	B2.3	B2.3	TICB2.3.1	CD/CMCCT	Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.	50%	10%	20%		50%				30%	X	X	X	X			
	B2.4	B2.4	TICB2.4.1	CD/CMCCT	Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.	40%	10%	60%	20%	20%					X	X		X			
	B2.5	B2.5	TICB2.5.1	CD/CMCCT/CCL	Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	40%	10%	60%	20%	20%					X	X	X	X			
3	B4.1 B4.2 B4.3	B4.1	TICB4.1.1	CD/CMCCT	Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.	40%	10%	60%	20%	20%					X	X	X	X			
			TICB4.1.2	CD/CMCCT	Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.	50%	5%	50%					50%	X	X		X		X		
			TICB4.1.3	CD/CMCCT/CCL	Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.	50%	5%	50%	30%	20%						X	X	X		X	

LEDA COMPETENCIAS

LEDA TRANSVERSAIS

CCL Comunicación lingüística.
 CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
 CD Competencia dixital.
 CAA Competencia aprender a aprender.
 CSC Competencias sociais e cívicas.
 CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
 CCEC Conciencia e expresións culturais.

CL Comprensión lectora.
 EOE Expresión oral e escrita.
 CA Comunicación audiovisual.
 TIC Tecnoloxías da información e da comunicación.
 EMP Emprendemento.
 EC Educación cívica.
 PV Prevención da violencia.
 EV Educación e seguridade viaria.

(1) A partir de cada estándar, pódense determinar “indicadores de logro” máis precisos que indiquen o nivel de adquisición do mesmo. O instrumento máis idóneo é a rúbrica.

(2) As rúbricas utilízanse para avaliar as producións do alumnado: traballos de aplicación, sínteses e textos escritos...

Nota: Nos estándares onde apareza unha addenda en negra entre paréntese, dita addenda corresponde aos mínimos esixibles. Caso de non aparecer addendas, o estándar xa se considera mínimo. O texto tachado non se considera mínimo

Relacionar aspectos curriculares para cada unidade																							
Temporalización: 2ª avaliación				Estándares de aprendizaxe avaliados				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación						Elementos transversais									
Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe (1)	Grao mínimo consec.	Peso cualific.	Instrumentos						Elementos transversais									
								Proba escrita	Preg. Orais	Trab. Indiv.	Cuest. exerc.	Trab. grupo	Rúb. (2)	Obs. aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	EV	
4	B3.1	B3.1	TICB3.1.1	CD/CMCCT/CCL/CAA/CSIEE/CCEC	Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.	50%	25%			80%				20%	X	X	X	X	X				
	B3.2		TICB3.1.2	CMCCT/CAA	Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.	50%	25%			80%				20%		X	X	X					
	B3.3		TICB3.2.1	CD/CMCCT/CCL/CSIE	Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.	50%	25%			80%				20%		X	X	X	X				
5	B3.4	B3.2	TICB3.2.2	CD/CMCCT/CCL/CAA/CSIEE	Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.	40%	25%			80%				20%		X	X	X					
	B3.5																						
	B3.6																						
	B3.7																						

Relacionar aspectos curriculares para cada unidade

Relacionar aspectos curriculares para cada unidade																									
Temporalización: 3ª avaliación				Estándares de aprendizaxe avaliados				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación								Elementos transversais									
Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe (1)	Grao mínimo consec.	Peso cualific.	Instrumentos							Elementos transversais										
								Proba escrita	Preg. Oraís	Trab. Indiv.	Cuest exerc	Trab grupo	Rúb. (2)	Obs. aula	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	EV			
6	B3.1	B3.1	TICB3.1.3	CCL/CMCCT	Elabora bases de datos (sinxelas) e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos.	40%	25%																		
	B3.2																								
	B3.3																								
	B3.4																								
7	B5.1	B5.1	TICB5.1.1	CD/CMCCT/CAA/CSC	Realiza actividades (sinxelas) que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.	40%	10%																		
	B5.3	B5.2	TICB5.2.	CD/CMCCT/CCL/CAA	Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.	50%	10%																		
			TICB5.2.2	CD/CMCCT/CCL/CAA/CSIEE	Deseña páxinas web (sinxelas) e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.	50%	20%	25%																	
	B5.4 B5.5	B5.3	TICB5.3.1	CD/CMCCT/CCL/CAA/CSIEE	Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.	40%	5%																		
8	B6.1	B6.1	TICB6.1.1	CD/CMCCT/CSIEE	Elabora materiais (sinxelos) para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.	40%	10%																		
	B6.2		TICB6.1.2	CD/CMCCT/CCL/CAA/CSC	Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.	40%	5%																		
	B6.3		TICB6.1.3	CD/CMCCT	Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo.	40%	5%																		
	B6.4																								
	B6.5	B6	TICB6.2.1	CD/CMCCT/CCL/CAA/CSC/CSIEE	Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.	40%	5%																		
B6.6	B6.3	TICB6.3.1	CD/CMCCT/CD/CCL/CSC	Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.	40%	5%																			

6. METODOLOXÍA

Tras a detección de coñecementos previos, a estratexia para comezar a impartir os contidos será expositora, coa explicación dos aspectos teóricos fundamentais de cada bloque e a realización dunhas prácticas sinxelas polos alumnos para asimilar os mesmos. Tras esta fase inicial a metodoloxía será eminentemente práctica, os alumnos levarán a cabo unhas actividades máis complexas e globais con aplicación reais nas que utilizarán o aprendido previamente.

Cando se observe na detección de coñecementos previos que algún alumno/a xa ten un nivel medio-avanzado do tema, se lles presentará actividades de máis nivel que o resto da clase para non perder a súa motivación.

7. POSIBLES ESCENARIOS EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA

Nota: Aínda que mellorou de forma considerable a situación sanitaria da COVID-19, e tendo en conta as últimas instrucións do 5 de setembro de 2022, quedando o protocolo en simples recomendacións, e bastante improbable que voltemos a situacións similares ás dos últimos dous cursos pasados, aínda que se expoñen no caso hipotético de que a situación empeore.

No caso e que a situación sanitaria debida ao COVID-19 empeore e sexa necesaria a actividade lectiva non presencial ou semi-presencial, @s alum@s continuarán realizando as súas actividades na súa hora correspondente, utilizando as ferramentas dixitais, principalmente mediante a aula virtual do Centro, onde estarán organizadas as distintas tarefas, probas e traballos que o alumnado debe facer e entregar no prazo indicado. De feito, nesta materia non habería un cambio moi significativo de pasar dun sistema presencial a outro non presencial, polas características da materia, dado que o método de traballo é fundamentalmente práctico mediante a realización de prácticas empregando os ordenadores da aula de informática, as cales son enviadas ao profesor, empregando a aula virtual do Centro ou outras ferramentas dixitais.

Os posibles escenarios que se podería dar son:

ENSINO PRESENCIAL

O alumnado asistirá a clase respectando todas as normas de seguridade que lle foron explicadas ao principio do curso. Os contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, temporalización e grao mínimo de consecución serán os establecidos no epígrafe anterior (Programacións de TICs de 4º ESO).

ENSINO NON PRESENCIAL

No caso que nun determinado momento teñamos que pasar dunha fase presencial a outra non presencial, continuaremos co ensino virtual, empregándose principalmente a aula virtual do centro para continuar coa actividade lectiva. Desenvolveranse as mesmas tarefas, traballos, probas ... que no caso presencial. Ditas actividades servirán como base para a súa cualificación, tendo tamén en conta todas as actividades feitas durante a fase presencial.

O modelo de avaliación e os criterios de avaliación, neste caso, poñeranse na páxina web do Centro e tamén se explicarán na aula virtual.

As familias estarán informadas de todo o proceso mediante a páxina web do Centro e a aplicación Abalar móbil

Poderanse utilizar ademais da aula virtual, outras ferramentas dixitais, tales como páxinas web do profesorado, Youtube, servicios de Google como o correo gmail, etc, aínda que a aula virtual do Centro será o referente no ensino presencial

ENSINO SEMIPRESENCIAL

Neste caso, teremos un sistema mixto, posto que en principio, o alumnado asistirá a clase en días alternos da semana, respectando as normas de seguridade que lle foron explicadas ao principio de curso. Loxicamente, darase información máis pormenorizada, tanto ao alumnado como as familias na páxina web do Centro e na aula virtual. Utilizaremos principalmente a aula virtual do Centro, así como outras ferramentas dixitais. No que respecta aos días de ensino presenciais dedicarémonos a explicar contidos teóricos, resolver dúbidas, probas, etc, e nos días non presenciais seguiremos un esquema similar ao establecido no apartado anterior de ensino non presencial.

8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Para impartir a materia utilizaremos a aula de informática que ten 21 ordenadores. Usaranse como recursos didácticos páxinas web, como a do profesor: (<https://sites.google.com/site/xmlareo>) ademais de blogs, almacenamento na nube como Google Drive, etc, aínda que será a aula virtual do Centro o referente para impartir a materia

9. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Establecerase a seguinte proporción xeral para cada un dos apartados xerais dos contidos da materia:

- A) Exames e probas obxectivas 30%
- B) Traballos, prácticas e actividades realizadas, etc 60%
- C) Entrega e prazo de entrega das tarefas asignadas, actitude cara a materia (participación, interese, traballos voluntarios, etc) 10%

No caso que nalgún trimestre non se levaran a cabo probas e exames correspondentes ao apartado A), a porcentaxe correspondente pasara a sumar á do apartado B)

AVALIACIÓN INICIAL

- **Data prevista de realización:** Realizarase a finais de setembro
- **Proba** (proba tipo test, preguntas e respostas relacionados cos estándares, preguntas en clase, etc.)
- **Descrición do tipo de proba:** Relacionada cos contidos básicos da materia
- **Mecanismo para informar ás familias:** As familias serán informadas dos resultados nas horas de tutoría.
- **Consecuencias dos resultados da proba:** A proba axudará ao/á profesor/a a determinar o nivel de partida do grupo e a detectar necesidades específicas no alumnado.

AVALIACIÓN CONTINUA (1º, 2º e 3º AVALIACIÓN PARCIAIS)

- **En cada avaliación**
 - Para determinar a nota final en cada avaliación, realizarase a media segundo a proporción arriba indicada, e será a suma de A, B e C, e consecuentemente para superar a avaliación esta suma ten que ser maior ou igual a 5. A non entrega de traballos das actividades obrigatorias acarreará unha nota de 0 puntos nese apartado. O peso de cada nota individual nos diferentes apartados gardará relación co número de sesións invertidas no traballo da materia, polo que sobre todo na primeira avaliación, as porcentaxes iniciais poden variar, dándolle máis peso a nota B.
 - A materia quedaría aprobada se @ alumn@ ten as tres avaliacións aprobadas. Tamén o alumnado pode aprobar en xuño antes da avaliación final, se tendo en conta as recuperacións feitas, ou lle quedara unha avaliación suspensa, pero sempre e cando a nota desa avaliación ou das probas de recuperación de dita avaliación sexa como mínimo un 4 e a media das tres avaliacións sexa como mínimo un 5. Senón @

alumn@ terá que facer o exame, probas ou prácticas correspondentes da avaliación final de xuño. A nota final de xuño será a media ponderada das tres avaliacións, tendo en conta os períodos lectivos de cada avaliación para os alumnos aprobados con media igual ou superior a 5. Para o resto do alumnado, será a maior nota da media das tres avaliacións ou á do exame/proba final de xuño

➤ **Avaliación final de xuño**

- O alumnado que non aprobe a materia polo procedemento arriba indicado fará unha proba antes da data da avaliación final que poderá consistir ademais da proba, dunha entrega de traballos que deben ter un mínimo de calidade para superar a materia.
- Deberá ter unha nota mínima de 5 para superar esta proba e/ou traballos. Teráse en conta as recuperacións sempre e cando melloren a nota

10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Avaliación do proceso de ensino:

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	INDICADORES DE LOGRO
TICB1.1.1. Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.	Respecta ás persoas e a súa privacidade e ten sempre un espírito positivo e de colaboración en contornos virtuais.
TICB1.1.2. Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.	É rigoroso no cumprimento das normas básicas de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.
TICB1.2.1. Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.	Respecta os dereitos de autor e a propiedade intelectual en internet e coñece os diferentes tipos de licenzas e as súas características.
TICB1.3.1. Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.	Consulta distintas fontes e é consciente da importancia da identidade dixital e coñece os diferentes tipos de fraude da web.
TICB1.3.2. Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.	Recoñece a diferenza entre materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución e coñece as súas condicións correspondentes.
TICB2.1.1. Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.	Realizar operacións básicas de organización e almacenamento da información acadando unha orde ben xerarquizada na súa estrutura.
TICB2.1.2. Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.	Configura as utilidades do sistema operativo e o seu mantemento, obtendo o máximo partido do mesmo.
TICB2.2.1. Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.	Resolve todo tipo de problemas ligados aos sistemas operativos e os programas vinculados a estes.
TICB2.3.1. Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.	Coida e administra con responsabilidade o equipo da aula de informática e coñece diferentes aplicacións de comunicación entre dispositivos.
TICB2.4.1. Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.	Coñece e analiza todos os compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	INDICADORES DE LOGRO
TICB2.5.1. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	Describe detalladamente as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.
TICB3.1.1. Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.	Elabora documentos de texto cun procesador de textos aproveitando ao máximo as súas funcións.
TICB3.1.2. Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.	Realiza informes complexos cunha folla de cálculo no que se inclúan texto, resultados numéricos e gráficos.
TICB3.1.3. Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos.	Crea unha base de datos con bastantes campos incluíndo os seguintes obxectos: táboas, consultas formularios e informes.
TICB3.2.1. Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.	Realiza presentacións concisas e vistosas, integrando texto e elementos multimedia adecuando a mesma ao público a quen vai dirixido.
TICB3.2.2. Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.	Captura información multimedia e a procesa sacándolle o máximo partido con programas de edición de imaxe, audio e vídeo obtendo o resultado no formato deseado.
TICB4.1.1. Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.	Coñece os dispositivos físicos e as características técnicas do intercambio de información entre eles.
TICB4.1.2. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.	Identifica as principais ameazas á seguridade e aplica medidas de seguridade pasiva e activa.
TICB4.1.3. Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.	Recoñece a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para acadar seguridade e utilizaos con rigurosidade.
TICB5.1.1. Realiza actividades que requiren compartir recursos	Utiliza a red local da aula de informática e redes virtuais para obter e compartir

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	INDICADORES DE LOGRO
en redes locais e virtuais.	información para o desenvolvemento de actividades.
TICB5.2.1. Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.	Publica contidos con alto grao de elaboración na web que integren texto e gráficos.
TICB5.2.2. Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.	Deseña unha páxina web respectando os estándares de publicación e os dereitos de propiedade.
TICB5.3.1. Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.	Colabora en diferentes actividades utilizando ferramentas TIC de carácter social.
TICB6.1.1. Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.	Elabora materiais altamente elaborados para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.
TICB6.1.2. Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.	Realiza intercambios de información en diferentes plataforma na que esté rexistrado/a e que ofrecen diversos tipos de servizos.
TICB6.1.3. Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo.	Realiza algunha actividade de sincronización dun móbil con diferentes dispositivos.
TICB6.2.1. Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.	Participa en varias redes sociais con criterios de seguridade.
TICB6.3.1. Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.	Utiliza diferentes canais de distribución de contido multimedia para aloxar material propio e enlazalos noutras producións.

Avaliación da práctica docente:

ACTIVIDADE	INDICADORES DE LOGRO
Planificación	<ul style="list-style-type: none">• Planifica a práctica docente tendo en conta os estándares de aprendizaxe.• Realiza a temporización tendo en conta as horas asignadas á materia e a duración dunha sesión de traballo.• Selecciona e secuencia os contidos de maneira progresiva e tendo en conta os aspectos particulares de cada grupo.• Planifica as clases de maneira aberta e flexible.• Selecciona e elabora os materiais e recursos didácticos para desenvolver a práctica docente na aula-taller.• Prepara o material e guións das prácticas e proxectos que se desenvolverán na aula-taller.• Establece criterios, procedementos e instrumentos de avaliación correlacionados cos estándares de aprendizaxe• Coordínase co profesorado do propio departamento e doutros departamentos.
Motivación do alumnado	<ul style="list-style-type: none">• Dá a coñecer a planificación da práctica na aula-taller proporcionando unha visión de conxunto ao comezo de cada bloque de contidos e de cada sesión de traballo.• Establece canles de comunicación para que o diálogo sexa fluído dentro e fóra da aula-taller.• Proporciona ao alumnado o apoio necesario durante o proceso de ensino-aprendizaxe.• Desenvolve actividades de diversos tipos e características introducindo elementos novedosos.• Fomenta un bo ambiente na aula-taller.• Promove a participación activa do alumnado.• Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos.• Relaciona os contidos, os proxectos e as actividades cos intereses do alumnado.• Organiza a aula-taller para que o alumnado dispoña de espazo e recursos na realización de prácticas e proxectos.• Evita a repetición de proxectos a fin de introducir elementos novedosos que motiven ao alumnado.
Traballo na aula-taller	<ul style="list-style-type: none">• Utiliza exemplos na introdución de novos contidos.• Resolve as dúbidas do alumnado .• Utiliza diferentes soportes durante as sesións de traballo.

ACTIVIDADE	INDICADORES DE LOGRO
	<ul style="list-style-type: none"> • Selecciona prácticas, proxectos e actividades en xeral que permitan alcanzar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave.
<p>Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza a avaliación inicial a fin de tomar as medidas individuais ou colectivas necesarias. • Analiza os procesos e os resultados das prácticas, proxectos, exercicios probas e actividades en xeral. • Establece medidas que permitan introducir melloras. • Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos indicando os aspectos nos que o alumnado pode e debe introducir melloras. • Proporciona indicacións durante a realización do traballo práctico na aula-taller. • Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e realización de tarefas que se desenvolven durante as sesións de traballo. • Favorece os procesos de autoavaliación. • Propón actividades complementarias para resolver problemas que xorden durante o proceso de ensino-aprendizaxe. • Establece con claridade os criterios de avaliación e de puntuación. • Informa ao alumnado dos resultados obtidos.

11. SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Por ser fin de etapa a materia de TIC en 4º de ESO non pode quedar pendente para o curso seguinte.

12. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O deseño da avaliación inicial está dirixido a detectar o alumnado que precisa da aplicación de medidas, tanto a nivel individual como a nivel colectivo.

Unha vez detectadas as necesidades educativas específicas, estableceranse as medidas apropiadas:

- Atención individual intensiva na realización de prácticas
- Subministración de material de apoio na aula
- Ampliación de tempo na realización de probas
- Apoios en pequeno grupo
- Tutorías durante os recreos
- Realización de tarefas en grupo
- Adaptación curricular individualizada de ser o caso.

Estas medidas serán aplicadas no marco da metodoloxía descrita dentro desta programación.

Medidas ordinarias e extraordinarias

Medidas ordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none">• Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula. <ol style="list-style-type: none">a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc.b) Espazos diferenciados.c) Materiais e recursos didácticos diferenciados. <ul style="list-style-type: none">• Desdoblamento de grupos.• Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula.	<ul style="list-style-type: none">• Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.• Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.• Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias.• Programa específico para alumnado repetidor da materia.• Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia.

Medidas extraordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none">• Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT / AL.• De ser o caso, grupos de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro).• De ser o caso, grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado estranxeiro).• Outras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.	<ul style="list-style-type: none">• Adaptacións curriculares na materia.• De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia.• Alumnado con flexibilización na escolarización.• Descrición do protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia os reforzos, apoios, adaptación, etc. (coordinación cos PT / AL / outro profesorado de apoio / profesorado do agrupamento / etc.

13. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Dos elementos transversais que sinala o artigo 4 do Decreto 86/2015 do 25 de xuño no que se establece o currículo de ESO, na materia de TIC traballaremos especialmente as tecnoloxías da información e da comunicación, a comunicación audiovisual, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, o emprendemento e a educación cívica.

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Previsible visita a Exposición AI: MORE THAN HUMAN en A Coruña sobre Intelixencia Artificial sempre que se forme un grupo mínimo co resto do alumnado de 4º e/ou 3º da ESO. Se xurdira algunha outra exposición, certame, etc relacionado coas TICs, valoraríase facer unha visita

15. REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A programación será revisada durante todo o curso e en cada reunión do departamento se farán propostas de mellora co fin de realizar as modificacións necesarias. A revisión, a avaliación e a modificación da programación serán recollidas na memoria de fin de curso do departamento.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica: Realízase a avaliación da programación nos seguintes períodos de tempo:

Mensualmente: Revisarase a temporización da programación así como a secuenciación e a profundidade dos contidos impartidos nos distintos grupos, adaptando esta á diversidade do alumnado.

Ao final de cada trimestre: Revisarase a temporización da programación, a secuenciación e a profundidade dos contidos impartidos nos distintos grupos, e o grado de cumprimento de obxectivos e de adquisición de competencias. Revisarase a programación e anotarase as modificacións nas actas do Departamento.

Ao final do curso: Revisarase a temporización da programación, a secuenciación e a profundidade dos contidos impartidos nos distintos grupos, e o grado de cumprimento de obxectivos e de adquisición de competencias. Revisarase a programación e anotarase as modificacións na memoria final do Departamento e teranse en conta para a programación do curso seguinte.

Indicadores

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				

10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto.				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
16. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
21. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
22. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
23. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
24. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
25. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
27. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
28. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
29. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Observacións:

16. DATOS DO DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

Como consecuencia do concurso de traslados, a compañeira María Sánchez Cabanelas trasladouse a outro Centro, e foi suprimida a praza, co que o Departamento pasa a ser unipersoal

Materia	Curso	Grupos	Profesor
Tecnoloxía e Dixitalización	1º	2	José Manuel Lareo Sánchez
Tecnoloxía	2º	2	José Manuel Lareo Sánchez
Educación Dixital	3º	1(Bilingüe)	José Manuel Lareo Sánchez
TICs Bilingüe	4ª	1	José Manuel Lareo Sánchez

17. REFERENCIAS NORMATIVAS

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29). No caso das programacións didácticas de Educación Primaria, Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9).
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros

docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).

- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).
- RESOLUCIÓN do 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 1 de agosto)

A Estrada, 9 de setembro de 2022

O Xefe do Departamento:

José Manuel Lareo Sánchez